

# PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

## UN MUNDO DE COR

---



*"A obra de arte é unha mensaxe fundamentalmente ambigua,  
cunha pluralidade de significados"*

*Umberto Eco*

### A. INTRODUCCIÓN

---

O CEIP de Torre-Cela é un centro educativo público de cento vinte alumnos e alumnas, situado nunha zona rural, en Cela, a tres quilómetros do núcleo urbano de Bueu.

Como centro asumimos a tremenda responsabilidade educativa dos cativos e cativas do século XXI, onde a cantidade de información vai incrementando a pasos axigantados. Notamos que, non só os máis pequenos senón tamén os adultos, temos que asumir retos serios á hora de seleccionar e analizar con sentido crítico a información que se nos achega dende múltiples canles.

Por iso tentamos concienciarnos, e atopamos **xustificación** para esta forma de levar a cabo a nosa labor educativa, xa que o traballo por proxectos anima a fomentar este espírito crítico e a desenvolver ás competencias que como cidadáns debemos poñer en práctica. E pensamos que a Biblioteca Escolar é unha ferramenta fundamental neste proceso.

Notamos a necesidade de establecer un tema anual que tamén cohesione as conmemoracións que se celebran ao longo do curso, co fin de avanzar nun modelo de traballo colaborativo entre todos os niveis educativos.

Asumimos a responsabilidade de realizar traballos por proxectos, con distinta duración e intensidade nas etapas de infantil e primaria. Xa nos dous últimos cursos viñéronse realizando outros traballos por proxectos sobre os alimentos e outro sobre o mar.

Na etapa de Educación Infantil os obxectivos dentro do Proxecto están dirixidos ó desenvolvemento das capacidades da etapa, polo que teñen un enfoque globalizador. Traballáranse os **contidos curriculares** das tres áreas (Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal, Coñecemento do contorno e Comunicación e representación) integrándoas partindo do centro de interés, de modo que todo está relacionado e ten sentido e significatividade para o alumnado.

Na etapa de Educación Primaria o traballo realizado dentro do Proxecto abranguerá os contidos curriculares das áreas de Educación Artística, Matemáticas, Ciencias e Linguas.

O traballo dentro do Proxecto ten por obxectivo primordial dar un pulo ao desenvolvemento das **competencias básicas** por parte de cada alumno/a: competencia lingüística, matemática, dixital, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, en ciencia e tecnoloxía, sentido de iniciativa e espírito emprendedor e conciencia e expresións culturais.

## ***B. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS***

---

O claustro acordou que o centro de interese que se ía desenvolver ao longo do curso 2014/2015 sería *a pintura* e titulamos o noso proxecto "*Un mundo de cor*".

As etapas educativas de infantil e primaria, ben por niveis, ben por ciclos, comprometíanse a realizar traballos por proxectos, tarefas multidisciplinares ou proxectos documentais integrados partindo do tema xeral, sempre coa colaboración da Biblioteca Escolar como recurso fundamental.

## ***C. DESCRIPCIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA***

---

Nas primeiras xuntanzas de coordinación no mes de setembro-outubro os niveis educativos escolleron un pintor. Con todo, algún curso pensaba que globalizar arredor da arte, a pintura e a ciencia abría máis posibilidades de integrar o currículo. Ao mesmo tempo o equipo da biblioteca trazaba camiños para conmemorar a semana da ciencia: entretecéronse as propostas.

Decidimos que o Proxecto se desenvolvería durante todo o curso escolar e que toda a comunidade educativa estaría implicada.

Temos que diferenciar dous bloques de **participación** no proxecto, complementarios entre si:

- Todas as conmemoracións do curso escolar estarían relacionadas co tema escollido e coordinadas polos equipos de Biblioteca, TICs e Dinamización da Lingua (Samaín, Magosto, Nadal, día da Paz, Entroido, festivais) e participación nas actividades de investigación e fomento da lectura/escritura programadas polos equipos de Biblioteca e Dinamización.
- Traballo de cada nivel ou ciclo, onde cada titor e equipo de profesores programa as actividades de interese relacionadas co tema elixido.

Establecemos os pasos para proxectar:

1. Elixir un tema: sobre que queremos investigar?
2. Produto final: que queremos obter? a onde queremos chegar?
3. Actividades a desenvolver: como imos traballar?
4. Avaliación e feedback: que fixemos ben? que fixemos mal? que temos que mellorar?

En base a isto o alumnado de Educación Infantil decidiu traballar "As letras no Arte" e os pintores Leonardo DaVinci, Vincent Van Gogh e Salvador Dalí. En Primaria traballaron Joan Miró, Wassily Kandinsky, Urbano Lugrís e Pablo Picasso.

Os **obxectivos xerais** que nos plantexamos para este Proxecto foron os seguintes:

- Coñecer parte da vida e a obra do autor (biografía)
- Coñecer distintas técnicas pictóricas
- Coñecer as obras máis importantes e características
- Observar e reproducir os elementos dun cadro descubriendo as propiedades dos obxectos: forma, tamaño, cantidade; establecendo relacións de orde e discriminando as diferentes situacións espaciais dos obxectos dunha obra.
- Localizar e utilizar a información obtida de distintas fontes e soportes.
- Exercitar a capacidade de observación e análise.
- Utilizar as posibilidades da expresión plástica para representar ideas, feitos e sentimentos.
- Produción de textos (descricións, biografía, entrevistas, redacións, contos) e lectura comprensiva de textos informativos e narrativos relacionados coa temática
- Produción de materiais dixitais (resumos, presentacións, vídeos)
- Transmisión e difusión dos contidos investigados aos demais compañeiros

En base a estes obxectivos xerais cada equipo e cada docente concretou, nas programacións pormenorizadas que adxuntamos no anexo, os contidos, as tarefas, recursos, metodoloxía e formas de avaliación, integrando o traballo do Proxecto na súa dinámica diaria de clase, co fin de potenciar o desenvolvemento das competencias anteriormente citadas.

Realizáronse reunións mensuais conxuntas dos equipos de Biblioteca, Dinamización da Lingua e TICs para programar, organizar e avaliar todas as propostas que se planificaban a nivel trimestral.

A proposta do Proxecto baséase no traballo en rede, de xeito cooperativo e interdisciplinar, a nivel de aula, de centro, de entorno local e a través da comunicación a través dos blogues do centro.

#### ***D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO***

---

- ✓ Investigamos nos nosos murais
- ✓ Plan lector: itinerarios lectores relacionados co proxecto
- ✓ Guía de lectura nadal con recomendación relacionadas coa temática
- ✓ Guía sobre como presentar un traballo
- ✓ Describimos o noso difraz
- ✓ Lecturas e fichas de comprensión lectora elaboradas polo profesorado
- ✓ Esquema guía para a elaboración e posta en práctica dun traballo por proxectos
- ✓ Fichas de elaboración propia

#### ***E. RELACIÓN DE TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO***

---

##### **1. Actividades coordinadas polos equipos de Biblioteca e Dinamización da Lingua**

relacionadas co Proxecto "Un mundo de cor", e nas que estivo implicada toda a comunidade educativa.

##### **1º TRIMESTRE:**

- ✓ Magosto: Decoramos os nosos cartóns para as castañas con motivos pictóricos
- ✓ Samaín: "Pintamos de medo". Decoramos o centro e as nosas cabazas (con colaboración das familias) relacionadas coa arte e os nosos pintores. "Contamos de medo", na biblioteca escolar a comunidade educativa conta e relata historias de medo.

- ✓ Nadal: Elaboramos, entre todos, un Belén moi artístico, no que podíamos atopar representados todos os estilos pictóricos dos artistas que estamos traballando. Ademais, cada grupo confeccionou un mural informativo explicando as características do seu artista. Aproveitando esta exposición, o equipo de Biblioteca preparou un cuestionario de investigación para localizar a información proporcionada neste espazo. As familias colaboraron coa decoración do corredor principal, enchendo o espazo de bolas de nadal decoradas cos motivos dos pintores traballados.
- ✓ Arte e ciencia: No corredor e na sala da Biblioteca preparouse unha exposición temporal (novembro-décembro) no que atopamos moita información sobre a relación da pintura e a ciencia. Os alumnos tamén tiveron que realizar unha actividade de busca de información nesta exposición.

## 2º TRIMESTRE:

- ✓ Día da Paz: Adicamos o día da Paz á figura de Malala e realizamos un mural xigante na entrada do centro. Ademais de ler o manifesto elaborado polos alumnos de 6 º tamén cantamos entre todos a canción de "Acuarela".
- ✓ Cada grupo elaborou un caligrama xigante relacionado coa arte, a pintura ou o pintor obxecto de investigación. Realizamos unha exposición no corredor da biblioteca.
- ✓ Entroido: Disfrazámonos de pintores, de ceras de cores, de cadros de Miró, Kandinsky, Picasso e Luguís. Cada grupo cantou e escenificou unha canción composta polo mestre de música relacionada coa vida e obra do noso pintor. Días despois traballamos un documento elaborado polo equipo de Biblioteca, no que tiñamos que realizar un debuxo e descrición detallada do noso disfraz.
- ✓ Recibimos a visita de Jacobo Fernández Serrano, que deleitounos coas súas explicación e debuxos dos personaxes dunha das nosas sagas favoritas: "Marcopola, a Illa Remeira"
- ✓ "Cóntame un cadro": Cada grupo elaborou varios contos e relatos partindo dun cadro do noso pintores. Realizamos unha exposición no corredor da Biblioteca e despois confeccionamos un libro que catalogamos como produción propia.

## 3º TRIMESTRE:

- ✓ Correlingua: Os alumnos de Infantil, 1 º e 2 º participaron nesta festa e confeccionaron as súas camisetas relacionadas co tema que traballamos, escollendo palabras fermosas en galego relacionados co arte.

- ✓ Recibimos a visita do debuxante Luis Davila (pai dun dos nosos alumnos), que nos deleitou coa súa técnica e explicacións sobre o debuxo. Ademais participamos no coloreado das súas tiras cómicas e os alumnos de 5º realizáronlle unha entrevista.
- ✓ Fin de curso: Decoramos os muros dos patios con cadros dos nosos pintores e participamos dun festival cargado de actuacións musicais relacionadas tamén coa pintura (danza e arte rupestre, cadros de animais, vida de Dalí, percusión con botes de pintura valeiros e pintamos cadros con música en directo)



**2. Tarefas que se engloban no traballo de cada nivel ou ciclo**, sempre contando co soporte da Biblioteca Escolar. Seguindo o modelo de traballo epistemolóxico dividimos o traballo realizado en tres fases:


- ✓ **FASE 1: MOTIVACIÓN E BUSCA DE INFORMACIÓN**, englobanse todas as tarefas relacionadas con *"plantexar, localizar e recuperar"*
- ✓ **FASE 2: TRATAMENTO DA INFORMACIÓN**, nesta fase englobanse todas as tarefas relacionadas con *"manipular, interpretar e analizar"*
- ✓ **FASE 3: COMUNICACIÓN DO COÑECEMENTO**, nesta fase englobanse todas as tarefas relacionadas con *"aplicar, crear e compartir"*. Convertimos o colexio nun fermoso museo!

|               | <b>FASE 1</b>                                                                                                                                                  | <b>FASE 2</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                    | <b>FASE 3</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
|---------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>3 ANOS</b> | Traballo a partir de "As letras no Arte" Ed. SM. Comezaron o proceso de alfabetización mediante obras nas que parecen estar incluídas as letras do abecedario. | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Observaron e analizaron a Gioconda, de Leonardo Da Vinci.</li> <li>- Descubriron que este artista tamén foi inventor e decidiron que eles tamén querían inventar algún obxecto para xogar ou decorar a clase.</li> <li>- Experimentaron coas</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración dun mural cunha reprodución da Gioconda con plastilina, explicando un pouco da historia do cadro e a súa relevancia.</li> <li>- Creación do seu propio invento: un pinball cunha caixa de queixos.</li> <li>- Confección de flores de</li> </ul> |

|               |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
|---------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|               |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | cores: meteron un disco de cartolina con témpera nun centrifugador de ensalada e analizaron as texturas, formas e mesturas conseguidas.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | primaveira inspiradas en diferentes cadros utilizando diferentes técnicas plásticas.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| <b>4 ANOS</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Apareceu unha foto dun cadro na aula ("Os xirasoles") cunha carta da fada do outono, contando que lle gusta moito ese cadro e preguntando aos nenos sobre el.</li> <li>- Formulación de hipótesis.</li> <li>- Carta ás familias para solicitar axuda na procura de información e comprobamos se ese cadro aparece nalgún libro da nosa Biblioteca.</li> <li>- Elaboran un guión para apuntar que saben e que queren saber e decoran a portada do seu propio proxecto sobre Van Gogh.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Observan, comparan e ordenan os datos obtidos.</li> <li>- Aprenden a escribir o nome do pintor, elaboraron unha ficha cos datos da súa vida</li> <li>- Aprenden a discriminar diversos instrumentos que utilizaba o pintor</li> <li>- Aprenden unha canción sobre a vida do pintor</li> <li>- Analizaron o cadro "Os xirasoles" e aprenden as partes da flor</li> <li>- Lectura de contos sobre xirasoles</li> <li>- Analizaron o cadro "A habitación en Arlés", "Unha noite estrelada" e "Autorretrato", aprendendo a diferenza entre retrato e autorretrato.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Debuxo da súa propia habitación partindo do cadro "A habitación en Arlés". - Reproducción do cadro "Unha noite estrelada" coa técnica do puntillismo.</li> <li>- Realizaron un mural conxunto cos demais cursos de Infantil deste mesmo cadro.</li> <li>- Elaboración do seu propio autorretrato e o retrato dun compañeiro, con cadanseu marco.</li> <li>- Plasmaron unha versión propia de "Os xirasoles", elaborada en equipo.</li> <li>- Presentación final do Proxecto na Biblioteca para o alumnado de 1º e 2º</li> </ul> |
| <b>5 ANOS</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Carta ás familias pedindo colaboración para investigar sobre Dalí.</li> <li>- Creación de rimas cos nomes dos nenos imaxinando que son pintores</li> <li>- Contan o conto "El sueño de Dalí", como motivación e información</li> <li>- Convertíronse en Dalí pintando un gran bigote e pegando na axenda escolar a súa foto.</li> <li>- A Biblioteca e as familias</li> </ul>                                                                                                                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Bailaron un vals en París, como Dalí e Gala, baixo unha torre feita con caixas</li> <li>- Partindo da investigación sobre a Torre Eiffel coñeceron outras torres famosas (Big Ben, Pisa, Hércules) e decatáronse de que o noso colexio chámase "A Torre"</li> <li>- Recoñecen cadros de Dalí onde aparecen animais, alimentos, persoas e obxectos. Contaron e clasificaron</li> </ul>                                                                                                                                                                                     | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Escoita da canción de Mecano e inventan unha propia para o festival de fin de curso</li> <li>- Exposición no corredor con retratos de Dalí.</li> <li>- Reprodución do Teatro Museo en Figueres con caixas e plastilina</li> <li>- Aprenderon e recitaron polas clases un poema de Lorca, amigo de Dalí</li> <li>- Soñaron e representaron os seus soños</li> <li>- Pintaron o cadro con óleo</li> </ul>                                                                                                                         |

|  |                                                                                                                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |                                                                                                                                                              |
|--|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  | <p>aportan libros onde descubren datos biográficos, gustos, fobias, viaxes e amigos do pintor.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Visualización de vídeos do pintor.</li> <li>- Investigaron sobre Paris e a Torre Eiffel</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecen, identifican e clasifican formas e figuras e buscan no seu contorno</li> <li>- Descubren que diseñou o logotipo de ChupaChups e, coa colaboración das familias, realizaron unha montaxe plástica</li> <li>- Recoñecen retratos, paisaxes e bodegóns</li> <li>- Coñecen aos amigos de Dalí: Lorca e Disney</li> </ul> | <p>"Os muiños" con caballete</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación final do Proxecto na Biblioteca para o alumnado de 1º e 2º</li> </ul> |
|--|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

- ✓ O alumnado de Infantil realizou unha visita e obradoiro de arte no Museo MARCO de Vigo e outra ao Museo de Pontevedra, onde descubriron parte do universo Dalí.



|              | FASE 1                                                                                                                                                                                                                                                      | FASE 2                                                                                                                                                                                                                                                                          | FASE 3                                                                                                                                                                                                                                                                     |
|--------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>1º EP</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Visualización dunha presentación ppt sobre Miró, biografía contada en forma de conto.</li> <li>- Carta para as familias para solicitar colaboración na investigación</li> <li>- Lectura de biografías e</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Taller de escritura: plasmar a información recollida, completar o caderno propio cos datos do pintor, textos sobre biografía, inventaron unha poesía sobre Miró</li> <li>- Visita á exposición e obradoiro de arte do Museo</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Creación de cadros propios seguindo a estética do pintor</li> <li>- Taller de expresión oral: preparación da exposición oral para todo o alumnado do centro</li> <li>- Exposición do aprendido sobre Miró no espazo da</li> </ul> |

|                  |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                  | <p>escoita activa de contos sobre o pintor</p> <p>- Visita e obradoiro de arte no MARCO (Vigo)</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                         | <p>Café Moderno (Pontevedra)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Repaso de conceptos matemáticos e resolución de problemas utilizando datos biográficos e elementos dos cadros</li> <li>- Ubicación das cidades relacionadas co pintor</li> <li>- Identificar os astros que aparecen nos cadros</li> <li>- Reprodución de cadros con diversas técnicas e materiais, respectando as formas e cores características do pintor</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | <p>Biblioteca, para todo o alumnado do centro</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración dun arquivo de audio do alumnado describindo en inglés o seu disfraz de Miró para o Entroido</li> <li>- Preparación e posta en práctica dun obradoiro sobre Miró para todo o alumnado do centro</li> <li>- Visita á exposición da Funcación Eugenio Granell e obradoiro de arte en Santiago de Compostela</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| <p>2º<br/>EP</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Visualización dunha presentación en Power Point sobre Kandinsky</li> <li>- Visualización dos cadros máis representativos</li> <li>- Nota para as familias solicitando colaboración na investigación. Apórtanse libros, láminas, murais e redaccións feitas polos rapaces.</li> <li>- Visita e obradoiro de arte no Museo MARCO de Vigo</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Tarefas de expresión oral sobre o percibido en cada obra, imaxinando o que o pintor quería transmitir</li> <li>- Descrición oral dos traballos plásticos propios e dos compañeiros</li> <li>- Comprensión lectora a través de textos relacionados coa vida do pintor</li> <li>- Recoñecer e reproducir formas xeométricas, tipos de liñas, perspectivas, relacións entre figuras, semellanzas/diferencias e relación das partes co seu todo</li> <li>- Ubicar lugares e época relacionadas coa vida do pintor</li> <li>- Inventamos e recitamos un poema sobre o pintor</li> <li>- Visita á exposición e obradoiro de arte do Museo Café Moderno (Pontevedra)</li> <li>- Reprodución de cadros en Paint</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- "Ditados de Kandinsky": cada neno "dita" aos demais formas, cores... e cada un imaxina, interpreta e reproduce no aire e no papel</li> <li>- Reprodución de cadros utilizando diversas técnicas: collage con refugallo, murais con témpera, cadros con plastilina, cartolinas e estampado</li> <li>- Practicar técnicas e trazos</li> <li>- Visita á exposición da Funcación Eugenio Granell e obradoiro de arte en Santiago de Compostela</li> <li>- Grabación do video "Para min a arte é..."</li> <li>- Exposición do aprendido sobre Kandinsky no espazo da Biblioteca, para todo o alumnado do centro</li> <li>- Preparación e posta en práctica dun obradoiro sobre o pintor para todo o alumnado do centro</li> </ul> |

|                       |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
|-----------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>3º e 4º<br/>EP</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Visita á exposición "Arte e Ciencia" e obradoiro de arte no MARCO, Vigo, como introducción ao proxecto "Pintura e ciencia"</li> <li>- Busca de cadros que representen escenas relacionadas con diferentes ámbitos científicos.</li> <li>- Formación de usuarios para utilización dos recursos existentes e de nova adquisición: expositores, a cifra 7 na nosa CDU, empréstitos dende a aula, expositores e sala de biblioteca,...</li> <li>- Lectura dunha obra de ficción sobre Leonardo da Vinci.</li> <li>- Creación dun club de lectura, en colaboración coas familias, que se reúne cada mes</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización dunha saída escolar: transporte a utilizar, prezo por alumno, aportación do centro,...</li> <li>- Distintas manifestacións da arte: pintura, escultura, arquitectura</li> <li>- Aportacións da ciencia á arte: interpretación distinta dunha mesma imaxe/cor por distintos observadores.</li> <li>- Realización de fotografías, debuxos, bosquejos como material de apoio para a presentación. Dixitalización dos mesmos.</li> <li>- Realizar esquemas, escribir guión para o apoio as presentacións.</li> <li>- Composición dun <i>poema</i> sobre Lugo para un rap e metáforas sobre as ceras de cores.</li> <li>- Lectura e actividades sobre "Acuarelas" Ed. Galaxia.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Explicación aos demais compañeiros de Primaria en que consistiu a súa visita ao museo MARCO.</li> <li>- A defensa dun cadro, a súa interpretación.</li> <li>- Presentación clase <i>A ciencia e a pintura</i> ppt.</li> <li>- Presentación <i>Urbano Lugo</i> odp.</li> <li>- Memorización e interpretación do rap "Universo Lugo".</li> <li>- <i>Edición</i> dun folleto informativo sobre Lugo: biografía, descrición, narración, un lema para un cadro, unha entrevista imaxinaria, as características dun paxaro e un texto instrutivo</li> <li>- Presentación final aos distintos niveis educativos do labor realizado en todo o curso.</li> </ul> |
| <b>5º e 6º<br/>EP</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Visita á exposición de Maside e á exposición dos pintores do S XX, con obradoiro de arte, da Fundación ABANCA en Santiago de Compostela.</li> <li>- Actividades de busca, selección e organización da información sobre a figura de Picasso, utilizando soportes dixitais, internet e libros sobre o pintor.</li> <li>- Estudo do cadro "Mulleres na praia"</li> <li>- Investigación sobre o "Guernica"</li> </ul>                                                                                                                                                                                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reprodución do cadro "Mulleres na praia"</li> <li>- Reprodución do "Guernica"</li> <li>- Redactar resumos coa información obtida para comunicala aos demais</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Creación de "caras de Picasso" utilizando ferramentas dixitais</li> <li>- Collage utilizando distintos materiais planos e de refugallo con volume baseándose nos cadros "Infanta Margarita" e "Os músicos"</li> <li>- Presentación .mov sobre Picasso, con audio grabado polo alumnado</li> <li>- Preparación e posta en marcha dunha presentación para todo o alumnado, incluíndo a realización de obradoiros sobre Picasso.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                |

## F. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN

---

- Elaboracións propias de presentacións en Power Point, arquivos de texto, audio e video (profesorado e alumnado dos últimos cursos da Primaria)
- Recursos fotocopiáveis
- Material plástico, funxible e de refugallo
- Murais, láminas, fotografías
- *"Proyectos Documentales Integrados"*, Rosa Piquín, Gobierno de Navarra
- *"Como falar de arte aos menos : o primeiro libro de arte para nenos destinado aos adultos"*, Françoise Barbe-Gall. Ed. Nerea
- Recursos bibliográficos da Biblioteca do Centro (anexo)

### Enderezos webs consultados:

- Publicación "O traballo por proxectos en Infantil, Primaria e Secundaria"  
[http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXC/9002463-Proxectos\\_Web.pdf](http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXC/9002463-Proxectos_Web.pdf)
- Conto sobre a vida de Van Gogh: [https://www.youtube.com/watch?v=1Lyi\\_hoQ1w](https://www.youtube.com/watch?v=1Lyi_hoQ1w)
- Kandinsky pintando: <https://www.youtube.com/watch?v=cT0bLbwWcj0>
- Obras de Kandinsky: <https://www.youtube.com/watch?v=G6y8l8es8Ww>
- Conto sobre a vida de Picasso: <https://www.youtube.com/watch?v=mJpb1m0Vb8s>
- Evolución das obras de Picasso: <https://www.youtube.com/watch?v=YPGVNrrmuYc>
- Museo Picasso de Barcelona: <http://www.bcn.cat/museupicasso/es/museo/servicio-actividades.html>
- Video Picasso Pintando: <https://www.youtube.com/watch?v=pNrYupcDlXE>
- Caras de Picasso: <http://www.picassohead.com/>
- Versións do Guernica: <http://www.picassohead.com/>
- Sobre Urbano Lugrís: [https://www.youtube.com/watch?v=DbuPBu\\_g3MU](https://www.youtube.com/watch?v=DbuPBu_g3MU).  
<https://www.youtube.com/watch?v=m9Hw-49Nen8>.  
<http://www.crtvg.es/cultural/corte-a-corte/juan-eiras-musica-para-lugris>  
<http://coleccion.afundacion.org/>
- Axuda para a selección de libros relacionados co noso Proxecto:  
<http://www.fundaciongsr.org/documentos/pintura.pdf>

## ***G. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA***

---

Todo o alumnado, profesorado e personal non docente do centro estivo implicado activamente nas actividades do Proxecto.

No tocante ás familias destacar:

- ✓ Participación nas investigacións: aportando murais, redacción de traballos na casa, busca en internet sobre as preguntas propostas.
- ✓ Colaboración na ambientación das festas do Samaín (cabazas) e Entroido (confección de caretas), ambos con motivos artísticos dos pintores traballados.
- ✓ Participación nos traballos plásticos e organización dun concurso de debuxo por parte da ANPA, titulado "A miña obra de arte"
- ✓ Traballos dos cadernos das mochilas relacionados co proxecto
- ✓ Colaboración co clube de lectura

Salientar a nosa plena confianza na participación das familias cando necesitamos colaboración por falta de tempo. Sempre obtivemos unha fantástica resposta por parte das familias.

## ***H. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA***

---

Convertimos o noso colexio nun gran museo. As paredes dos corredores albergaron, durante todo o curso, as obras que o alumnado reproducía, a información máis relevante dos artistas e pequenas explicacións do que se podía contemplar.

Ademáis, durante o mes de maio adicamos varias sesións a intercambiar todo o aprendido sobre os nosos pintores. A Biblioteca foi o espazo de exposición, na que todo o alumnado participou activamente, como xa reseñamos con detalle anteriormente.

Parte das actividades realizadas e a información interesante relacionada co proxecto foi colgada no blog da Biblioteca <http://torredaspalabras.blogspot.com.es/> e no blog de Educación Infantil <http://ceipdatorrecelainfantil.blogspot.com.es/>. Ademáis, destacar a publicación de moitas das actividades do centro no Faro de Vigo.

## ***I. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS DO CURRÍCULO***


---

A avaliación foi continua, cada actividade foi valorada nas postas en común mensuais dos equipos e docentes implicados no Proxecto. Tivemos moi en conta o principio de

flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses e necesidades do alumnado.

Cómpre diferenciar tres tipos de avaliación.

**1. Biblioteca:** En base ao seguinte gráfico avalíanse os distintos procesos seguidos durante todo o curso.



## 2. Autoavaliación do profesorado:

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe?
- Que é o que mellor funcionou?
- Que contidos son os que máis dificultades na súa aprendizaxe supuxo ao alumnado?
- Que cambiaría no desenvolvemento do Proxecto? Por que?

Asumimos que o número de tarefas que cada nivel educativo realizou pode resultar excesivo e concluímos que cómpre trazar unha liña de actuación máis clara para priorizar e concretar máis o traballo. Fáltanos práctica e o asumimos, pero consideramos que estamos no camiño.

En definitiva o 100% do profesorado participou activamente no proceso e valorou positivamente esta forma de traballar os contidos e fomentar o desenvolvemento das competencias básicas.

**3. Alumnado:** Centrémonos nunha avaliación cualitativa, sendo conscientes dos resultados positivos e da motivación do alumnado, observando un claro avance no coñecemento da arte a súa aplicación aos ámbitos da vida. A transferencia do coñecemento indica que o traballo estivo ben realizado, e o alumnado soubo transmitir a información aprendida aos seus compañeiros e mestres.

## *J. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO*

---

Partindo do centro de interese xeral asumido polo claustro a principio de curso, a Biblioteca tratou de exemplificar os posibles pasos a dar nun traballo por proxectos.

Entregamos a cada docente dúas páxinas a xeito de esquema que podía servir de guía, planificación que se engadiu no Plan Anual de Lectura.

Adquiríronse os recursos relacionados coa temática da pintura que se precisaron para desenvolver o Proxecto. Tamén utilizouse a sala para realizar os distintos traballos segundo os horarios establecidos a principio de curso.

Entendemos que o equipo de Biblioteca é un axente creador, dinamizador e seleccionador de recursos didácticos. Por iso, para favorecer a educación documental, dito equipo trazou propostas concretas que facilitaron ao alumnado e docentes a busca de información.

A coordinación co equipo directivo foi constante, para levar a cabo a planificación e o calendario de realización das actividades.

Ademáis, o equipo de Biblioteca participou nun grupo de traballo e ofertou ao claustro as docencias impartidas polo CEIP Quintela e CEIP Mestres Goldar, que posibilitaron canles de traballo para desenvolver o Proxecto, así como un interesante intercambio de experiencias.

En resumo, que aporta a Biblioteca ao desenvolvemento do Proxecto? Organización, estabilidade, espazo, documentos, TICs, formación de usuarios, formación para docentes, motivación, difusión, asesoramento... en definitiva, un impulso para poñer en práctica unha pedagogía activa.



**Asunto:** Concurso Traballo por Proxectos 2015

**De:** Biblioteca TorreCela <torredaspalabras@gmail.com>

**Data:** 29/06/15 18:28

**Para:** "asesoria.bibliotecas" <asesoria.bibliotecas@edu.xunta.es>

Adxunto envío o documento de solicitude de participación e dous enlaces á memoria e a materiais anexos.  
Grazas.

Memoria:

<https://drive.google.com/open?id=0B3Xngxyr0K0LNFRzSVN5QjIMb2c&authuser=0>

Materiais:

<https://drive.google.com/folderview?id=0B3Xngxyr0K0LfhlRExISIZfTEFGbU9KUGZpX0xPanZaUDJ6SEE3YnBGWTExdEdnSzNzTmM&usp=sharing>

--

**Biblioteca do CEIP Torre Cela**

<http://torredaspalabras.blogspot.com>

—solicitude participación.jpg—

---